

**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN VICENTE RISCO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

**DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Vicente Risco o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Vicente Risco para a realización de actividades culturais.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representa a obra investigadora, ensaística, crítica, etnográfica e literaria de Vicente Risco é a Fundación Vicente Risco a encargada da realización de exposicións e actividades das obras e obxectos persoais relacionados coa figura de Vicente Risco.*



*Por todo o anterior é a Fundación Vicente Risco a que posúe a especificidade como beneficiaria como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

